



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Deseño / Prácticas de Escenografía
DISCIPLINA	Iluminación IV
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	5 (2+3)
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Alejandra Montemayor Suárez
DOCENTES	Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Horario titorías: ver www.esadgalicia.com Contacto: alejandra.montemayor@edu.xunta.gal
DESCRICIÓN	Práctica da creación teatral destinada a sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación. Teoría e práctica do deseño de iluminación a partires dun texto dramático. Aplicación das novas tecnoloxías no eido do deseño
COÑECEMENTOS PREVIOS	Aconsellanse os acadados nas materias de Iluminación I, Iluminación II e máis Iluminación III, Deseño asistido por Ordenador I e II, Teoría eAnálise Dramática e asmaterias de Espazo Escénico.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	



X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, edesenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ser quen de analizar un texto dramático có obxecto de extraer os aspectos salientables para o deseño de iluminación.	T2, X1.
2. Saber investigar postas en escena xa executadas e comprender as motivacións das mesmas.	T2, X1, X3, EE5.
3. Amosar sensibilidade estética e creativa á hora de desenvolver un deseño de iluminación.	T2, X5, EE1.
4. Ser quen de transmitir a idea xeral da ambientación da obra a partires de referentes visuais propios ou alleos.	T2, T7, T8, EE1, EE2
5. Afondar nos referentes visuais e o coñecemento da historia da arte de cara a unha maior riqueza de matices á hora de deseñar	T2, X1, X6, X8, EE5
6. Ser quen de acadar solucións que traballen coa globalidade dos elementos que compoñen o espazo escénico á vez que se engaden criterios estéticos propios	T1, T2, T3, T7, T8, X1, X5, EE1, EE2, EE3.



7. Comprender as diferentes posibilidades que se poden xerar para representar unha mesma cousa e discernir a opción máis axeitada.	T2, T3, X1, X5, EE1, EE2, EE3.
8. Ser quen de elaborar ferramentas de transmisión de ideas tanto artísticas como técnicas que posibiliten o entendemento có resto do equipo.	T2, T7, T8, EE1, EE2, EE3.
9. Desenvolver un proceso de traballo persoal eficiente.	T1, T2, T3, T6, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE3, EE5.
10. Saber axustar as ideas artísticas coas realidades espacial e técnica coas que se teñen que traballar en cada caso.	T2, T3, EE1, EE2, EE3
11. Coñecer a tecnoloxía precisa para poder executar un deseño de iluminación	T2, T3, EE2, EE3.
12. Saber traballar en equipo	T7, T8, T13, EE3.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O texto dramático	1. Análise do texto ou a peza de partida: aspectos salientables para o deseño de iluminación. <ul style="list-style-type: none"> 1.1. Ubicación. 1.2. Estrutura. 1.3. Elementos de significación. 1.4. Espazos nos que se desenvolve a acción. 1.5. Tempo no que se desenvolve a acción. 1.6. Os personaxes. 1.7. As transicións. 2. A visión da persoa que encargada da dramaturxia. <ul style="list-style-type: none"> 2.1. As referencias ambientais no propio texto. 2.2. As didascalías. 	2
2. Os referentes visuais.	1. A elección dos referentes visuais. <ul style="list-style-type: none"> 1.1. As motivacións para escollelos. 1.2. Os referentes visuais como vía de comunicación coa persoa encargada da dirección e o resto do equipo. <ul style="list-style-type: none"> 1.2.1. A elaboración do visual book. 1.3. A síntese destes para atopar unha liña estética 	2
3. A liña estética	1 Elección da liña estética. <ul style="list-style-type: none"> 1.1. O desenvolvemento da/s liña/s estética/s como fío condutor que dea coherencia á globalidade do deseño. 	4
4. As ferramentas de transmisión de idea	1. Os bosquejos de atmosfera. <ul style="list-style-type: none"> 1.1. Finalidade e utilidade dos mesmos. 1.2. A elección da técnica axeitada para realízalos. 1.3. Técnicas específicas con novas tecnoloxías. 2. Os apuntamentos durante os ensaios. 3. A maqueta de traballo. <ul style="list-style-type: none"> 3.1. Técnicas de iluminación para maquetas físicas. 	4



5. A estrutura do deseño.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A ambientación xeral da obra. 2. O desenvolvemento da ambientación na estrutura xeral do texto. 3. A iluminación escena por escena. 4. As transicións entre escenas. 5. Os movementos escenográficos. 6. As transicións entre os movementos escenográficos. 7. Ubicación e proximia dos actores e das actrices. 8. O espazo sonoro. 9. A temporalización da luz. <ol style="list-style-type: none"> 9.1. O tempo global da montaxe. 9.2. O tempo das escenas e as transicións. 9.3. O tempo das luces puntuais e os efectos. 10. A plasmación gráfica da estrutura do deseño. <ol style="list-style-type: none"> 10.1 O story-board. 	5
6. A adecuación técnica.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elección dos proxectores axeitados. 2. Elección da cor axeitada. 3. Direccionamento, intensidade e modelado. 4. Elección doutros elementos técnicos. 4. A adecuación ao espazo. <ol style="list-style-type: none"> 4.1. O estudo das dimensións do espazo. 4.2. O cálculo da potencia requerida. 4.3. A implantación da escenografía. 4.4. O cableado. 4.11.. A elección do patcheado ou a asignación. 5. O emprego máis axeitado da mesa de iluminación. 	4
7. As ferramentas de transmisión de datos técnicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. O plano de luces. 2. As follas técnicas. 	3
8. Adaptación a diferentes espazos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Espazos de distintas dimensións. 2. Aposición do público <ol style="list-style-type: none"> 1. Espazo a italiana. 2. Público a dúas e tres bandas. 3. Espazo circular. 3. A adaptación a diferentes dotacións técnicas. 4. Outros espazos 	2
9. A iluminación virtual: novas tecnoloxías ao servizo do deseño de iluminación.	<ol style="list-style-type: none"> 9.1. Aproximación a diversos softwares como ferramentas na presentación do proxecto de iluminación. 	4
*Nota: o emprego dos softwares requeridos para as materias de Iluminación quedará supeditado ás posibilidades que poda ofrecer a escola, así como dos equipos informáticos dispoñibles.		
TOTAL SESIÓN		30



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	4		4
Exposición práctico-teórica	4		4
Práctica individual	10	20	30
Práctica colectiva	40	20	60
Titorías individuais	18		18
Titorías de grupo	10		10
Actividades de avaliación. Presentacións	4	20	24
TOTAL	90	60	150
PORCENTAXE	60%	40%	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición maxistral	Exposicións por parte da docente dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento da práctica da iluminación teatral.
Exposición práctico-teórica	Realizacións prácticas que posibiliten unha mellor comprensión; farase unha práctica ao mesmo tempo que a docente indica as directrices teóricas.
Práctica individual	Práctica nas que o alumnado traballará sobre un proxecto persoal, dirixido pola profesora.
Práctica colectiva	Prácticas no teatro nas que se investigarán de xeito práctico o aprendido nas exposicións da docente e as propostas do alumnado mediante diversos exercicios. Cada persoa terá a posibilidade de levar á práctica as súas propostas contando co apoio do resto do grupo
Titorías individuais	Nas que o alumnado afondará sobre o desenvolvemento dos seus traballos persoais.
Titorías colectivas	Nas que o alumnado afondará sobre o desenvolvemento dos seus traballos persoais contando co apoio do resto do grupo.
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	Nas que o alumnado amosará os resultados do seu traballo

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
------------	---



Orientación	Orientación respecto ás dubidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.
-------------	---

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual no que se reflectirá que o alumnado é quen de aplicar o aprendido	T1, T2, T3, T6, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	40%
Realización das prácticas pertinentes no teatro	T1, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	40%
Asistencia regular á clase, puntualidade, participación, interese...	T7, T13	20%

Para a realización do traballo escrito serva de referencia o seguinte esquema, que será axustado ás características de cada proxecto:

- Análise dramaturxica do texto ou punto de partida.
- Explicación de como vexo eu o texto, a liña ou liñas estéticas nas que se quero traballar, o estilo do deseño. Que se pretende acadar coa luz, que aportará, como se amosarán os personaxes por medio da mesa, etc.
- Referentes visuais. Fotos realizadas de xeito persoal ou outro tipo de referentes (poden ser elixidas da historia da pintura, da fotografía, etc). Todo o que visualmente poida aportar a idea que se ten da atmosfera que se pretende recrear.
- Bosquexos de atmosfera, mínimo tres nun tamaño mínimo A4.
- Escaletas precisas para estruturar a obra.
- Escenografía na que se vai traballar. Bosquexos da escenografía e planos en CAD a escala da mesma.
- Características do vestiario. Aportación de mostras de tecido, texturas, etc.
- Storyboard en pranta no que se podan ver todos os cambios dos que consta o deseño de iluminación.
- Planos de luces en precisos. (en pranta, seccións, etc). Tamaño A3.
- Follas técnicas precisas.
- Conclusións.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual no que se reflectirá que o alumnado é quen de aplicar o exposto neste temario.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	60%
Realización das prácticas pertinentes no teatro	T1, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	40%



Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberase poñer en contacto coa profesora con ao menos seis semanas de antelación.

Nota 2: O esquema do traballo anteriormente descrito indica as partes do mesmo. A profesora deberá poder revisar o traballo antes da entregado ao menos en dúas ocasións.

Nota 3: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser superadas.

Nota 4: É necesaria a asistencia a titorías.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual no que se reflectirá que o alumnado é quen de aplicar o exposto neste temario.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	60%
Realización das prácticas pertinentes no teatro	T1, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, X8, EE1, EE2, EE3, EE5	40%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberase poñer en contacto coa profesora con ao menos seis semanas de antelación.

Nota 2: O esquema do traballo anteriormente descrito indica as partes do mesmo. A profesora deberá poder revisar o traballo antes da entregado ao menos en dúas ocasións.

Nota 3: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser superadas.

Nota 4: É necesaria a asistencia a titorías.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

APPIA, ADOLPHE (2000): La música y la puesta en escena. Asociación de Directores de Escena, Madrid.

ARNHEIM, R (2002): Arte y percepción visual, Alianza Editorial, Madrid (1998): El pensamiento visual, Ediciones Paidós Iberica, S.A, Barcelona

DONDIS, DonisA. (2002): La sintaxis de la imagen, Ed. Gustavo Gili, Barcelona

DREYER, KEVIN (2020): Dance and light. The partnership between choreography and lighting design. Ed. Routledge. Nueva York.

GRAHAM, KATHERINE JOY (2018): Scenographic Light: Towards an Understanding of Expressive Light in Performance. PhD thesis, University of Leeds.

MORAN, NICK (2017): *The Right Light*. Ed. Palgrave. Londres.

SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO (2005): Dramaturgias de la imagen. Universidad de Castilla la Mancha.

TAYLOR, CLIFTON (2019): *Color and light*. Ed. QSM. Los Angeles.

VV.AA. (2020): La luz, melodía del arte escénico. Academia de las Artes Escénicas de España. Madrid.



REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- CHAVARRÍA, JAVIER (2002): Artistas de lo inmaterial. Ed. Nerea. Hondarribia
- FISCHER, JOACHIM (2009): Light. Ed. H.F. Ullmann. Architecture Compact.
- HELLER, EVA (2004): Psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.
- KALTENBACH, FRANK (2007): Materiales translúcidos. Vidrio. Plástico. Metal. Ed. Gustavo Gili. Detail Praxis. Barcelona.
- KELLER, MAX (1999): Light fantastic (Licht fantastic), PRESTEL, München
- KUEPPERS, Harald (1985): Fundamentos de la teoría de los colores, Ed. Gustavo Gili, Barcelona
- MAAK, TIM HENRIK y PAWLIK, KAY (2011): Un discurso de la luz. Ed. Erco. Alemania.
- MC CANDLESS, STANLEY (1958): A Method of Lighting the Stage. Ed: TheatreArts Books. New York.
- MOREY, MIGUEL y PARDO, CARMEN (2003): Robert Wilson. Ed. Polígrafa. Barcelona.
- PARE, RICHARD (2003): Tadao Ando: los colores de la luz. Phaidon Press Limited. Londres.
- PLUMMER, HENRY (2009): La arquitectura de la luz natural. Ed. Blume. Barcelona.
- SVOBODA, JOSEF (1993): The Secreto of Theatrical Space. Ed. Applause Theater Books Publisher. New York.
- TORNQUIST, JORRIT: (2008): Color y luz, Teoría y Práctica. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.
- TURRELL, JAMES (2006): A life in light. Louise T. Blouin Institute. VV.AA. (2007): Arquitectura efímera. IJB Ediciones. Barcelona.
- VV.AA. (2009): By Night: Arquitectura y luz. Editorial Reditar. Barcelona.
- VV.AA. (2004): James Turrell. Generalitat Valenciana. WILSON, ROBERT (2001): Composición, luz y color en el teatro. Ed. Lunweg. Barcelona.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- A materia de Iluminación IV tentará coordinarse coa materias de Obradoiro I de 3º de Escenografía e materias doutras especialidades có fin de realizar traballos integrados, sempre e cando sexa posíbel desenvolver os proxectos de xeito beneficioso para o alumnado e se podan acadar as competencias desta programación docente. Isto implica a dispoñibilidade dos espazos para ensaios, o número de días e horas que sexa posíbel contratar persoal técnico, etc.
- Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir a clase cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir ás clases prácticas con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
- Está prohibido acudir a clase tendo consumido alcol ou calquera tipo de sustancias estupefacientes.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.
- Esta disciplina precisa desenvolver as súas prácticas na Sala Pedra Seixa. No caso de que algún proxecto integrado tivera que realizarse nas aulas prácticas P3 e P4 precisariase poder realizar ensaios e probas nestes espazos. Outros espazos non serán considerados.
- O traballo escrito deberá axustarse á normativa APA.